

**ACTA Nº 07-2012  
DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO MUNICIPAL  
- DIA 08/05/2012**

**Marxe que se cita:**

**ASISTENTES**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

**Concelleiros/as asistentes :**

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

**Concelleiros ausentes:**

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

**Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

**Interventora:**

Águeda Bello Valdes

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:30 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión extraordinaria.

Desculpada a non asistencia dos concelleiros/as indicados e constatada a presenza da maioría dos seus membros e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDEN DO DÍA:**

( único).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

**1.- MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Ao abeiro do artigo 72.6 do Real decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, os concellos que acorden novos tipos de gravame, por estar incursos en procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, deberán aprobar ditos tipos provisionalmente con anterioridade ao inicio das notificacións individualizadas dos novos valores e, en todo caso, antes do un de xullo do ano inmediatamente anterior a que en que deban surtir efecto. Sendo preciso dar traslado do acordo a Dirección Xeral do Catastro dentro de dito prazo.

Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 17 a 19, é debido a intención de manter os tipos impositivos aplicables para o exercicio 2012 ao abeiro do artigo 8 do Real decreto lei 20/2011 de 30 de novembro é necesario modificar a **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles**, razón pola que propónse a seguinte modificación:  
Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 02/05/2012.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo segundo da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles**, que queda redactado integramente como segue:

#### “Artigo segundo

- a. tipo de gravame do Imposto sobre bens Inmóbles aplicable ós bens de **natureza urbana** queda fixado no **0,605 por cento**.
- b. tipo de gravame do Imposto sobre bens Inmóbles aplicable ós bens de **natureza rústica** queda fixado no **0,605 por cento**.
- c. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles aplicable os bens inmóbles **de características especiais**, definidos no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, de 23 de Decembro, Lei do Catastro Inmobiliario e sitios no termo municipal de Rianxo, queda fixado no **1,3** por cento.

**1-** A presente modificación do artigo segundo da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles** foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2012.

**2.-** O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2013”

Segundo.- Expoñer ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 04/05/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

O Alcalde comeza dicindo que é unha proposta que completa o Plan de Axuste aprobado polo Ministerio.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran di que non van a apoiar xa que estase gravando sobre os petos dos veciños deste pobo, pagando a mala xestión deste Concello e sorpréndelle a dobre vara de medir que ten o goberno

municipal segundo a medida salga deste ou do Estado ou Xunta de Galicia, e aínda que a lei obriga non o fai cun incremento concreto.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que a voceira do PP falta a verdade xa que logo o RD 20/2011 obriga a adoptar uns tipos, é unha medida imposta polo goberno central. Segundo apunta, o Goberno de Madrid adoptou unha serie de medidas urxentes en materia presupostaria e tributaria para o conxunto das administracións públicas, tamén para as corporacións locais, que por medio do R.D. - Lei 20/2011 de 30 de decembro de 2011, obriga ao incremento do tipo impositivo.

No caso de Rianxo, con valores catastrais sen actualizar dende 1988, a obriga supón aplicar o 10% ao actual tipo impositivo de 0,55 o que se traduce nun incremento do 0,055%, o que nos leva ao tipo proposto de 0,60.5%.

O mesmo decreto lei no seu artigo 8 tamén dí que “dita subida se aplicará durante os exercicios 2012 e 2013”.

Continua dicindo que, a nivel nacional, incluso concellos gobernados polo PP considera esta medida como agresora da autonomía municipal; o texto non permite senón que obriga ao incremento que hoxe está sobre a mesa como proposta (art.8 R.D. 20/2011) e a cal nós imos dar conformidade esperando que no 2014 poidamos rebaixar o tipo impositivo que hoxe nos vemos obrigados a aprobar.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que está recollido no plan de axute e é un dos cauces impostos para o seu cumprimento.

O Alcalde di que o Plan de Axuste que aprobou este Concello e que logo se remitiu e ratificou polo Ministerio (a diferenza de outros Concellos que nin deron aprobado o plan, como Dodro, e outros que nin tan sequera chegaron ao Pleno) goza da fortuna de telo aprobado, guste ou non, é o Plan que ten este concello e obriga a adoptar estas medidas, posto que de non ser así poderíamos ser reprendidos polo Estado.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, conclúe dicindo que o que se fai neste Pleno é cumprir co Plan de Axuste que trae este incremento.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 5 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG ), 0 abstencións, e 5 votos en contra (os 5 do P.P.), do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

Levántase a sesión ás 21:00 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde**

**A Secretaria**

**Adolfo Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**